

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **Subvencións e axudas**

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2022*

### **EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 25 DE FEBREIRO DE 2022 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2022**

BDNS(Identif.):612444

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/612444>)

#### **1. Beneficiarios:**

As entidades xurídicas que: carezan de fins de lucro, teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas, non estean incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei e que estean ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación.

#### **2. Obxecto**

Subvencións para promover, fomentar e difundir as actividades culturais, que se leven a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022, que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu ámbito territorial e, excepcionalmente, fóra deste cando teñen relevancia para os intereses provinciais.

Poderán ser obxecto de financiamento, entre outras, as actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos), os festivais, as mostras, os encontros, os certames culturais, etc.



Martes, 1 de marzo de 2022

Núm. 41

### 3. Bases reguladoras

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 25 de febreiro de 2022, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016, Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2022, LXS e demais lexislación de desenvolvemento.

### 4. Contía

250.000,00 €.

### 5. Prazo de presentación

Empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e o seu extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 31 de marzo de 2022.

### 6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base oitava.
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo segunda da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención
- Compatibilidade: Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, conta xustificativa dos gastos, memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude e acreditar a debida difusión, nos termos previstos na base décimo quinta da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 28 de febreiro de 2023.

Pontevedra, 28/02/2022.

A presidenta — María del Carmen Silva Rego.

